

Sra. Concelleira de Cultura do Concello de Pontevedra: a nosa gratitude polo seu apoio.

Benvidos/as a este VI congreso da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

Hai dez anos celebrabamos en Poio o V Congreso e o XXV Aniversario da AELG e, cando busquei as miñas palabras de entón, atopeime que no fundamental estaban a ser as mesmas coas que hoxe quería recibirvos, aquí, nesta cidade que é das cidades galegas que abrazan. No fundamental, temos os mesmos problemas estruturais de entón e diría que algún máis. Como a perda de galego-falantes e a ruptura da transmisión do idioma coas xeracións máis novas.

Ao longo destes dez anos tivemos, con regularidade, encontros anuais para a reflexión de todo o que lle é propio a un sistema literario que queremos normal. Cos humildes medios que sempre tivemos, procuramos a construción de instrumentos de desenvolvemento da nosa actividade da escrita: a web que está a piques de chegar aos vinte millóns de entradas; as diversas seccións; xornadas temáticas, etc. Procurando sempre a visibilidade social do escritor/a.

É moito o traballo feito dende entón pola equipa da AELG e polos escritores e escritoras coas que partillamos de todas as formas posíbeis o traballo da construción dunha literatura nacional á altura do tempo que nos toca vivir, e querendo que estea á altura do que a nosa Terra nos demanda e as novas xeracións precisan.

Mais aínda que é fermoso ollar para atrás e ver o traballo colectivo feito, hoxe vimos aquí para crearmos, nesta xornada de traballo, un lugar onde pensarmos o futuro como escritoras e escritores.

Celebramos esta xornada de reflexión e debate para poder dar algunha resposta ás moitas preguntas que contén o título deste VI Congreso: *Para que(n) escribimos o futuro ?*

Traballamos co noso idioma, creamos para que o noso idioma sexa unha ferramenta de modernidade que leve na súa cerna a tradición máis viva, coa que alimentamos a nosa raíz e iluminamos a nosa memoria.

Non nos achegamos ao noso idioma, non o elaboramos para ter a alta erudición do arqueólogo que traballa nas linguas mortas. O noso idioma dóenos. Forma parte dos nosos tecidos corporais, do noso ser: con el amamos e con el doémonos ou partillamos a ledicia de vivir. «*Se o feren, nós sangramos*», permitídemme que parafrasee a cita de Hamlet. Pois a literatura dramática tamén nos convoca hoxe.

A literatura galega xa é Terra liberada que diría Uxío Novoneyra, e só se salvará se seguimos creando día a día cultura viva, literatura que explique o noso tempo, que sexa contemporánea ao devir de noso, que soñe o noso futuro. Di Vila Matas que «*A ficción literaria forma parte da verdade: o que un imaxina é tan real coma a vida, pois forma parte dela.*» A ficción creada no noso idioma axudará a soñar o futuro a soñar o presente, axudará á inculturación de todo traballo humano sobre esta terra.

Falaremos hoxe da creación de lectores e lectoras, non só cuantitativamente, que tamén, senón cualitativamente. Que necesario é que a nosa escrita literaria cree dinámicas dunha total transversalidade. E poño por caso a necesaria visión feminista do mundo, o fondo ético que habita toda beleza, a capacidade de educar en valores que digan no día a día «*Non á guerra*». E tantos máis! Só así se poderá ter unha linguaxe social, totalmente incardinada no noso país, na nosa cultura.

Falaremos do papel do escritor e da escritora na Galiza actual: que precisamos para seguir creando?; que temas eleximos?; de que humus nacemos e de que materiais nos alimentamos?

Falaremos da necesaria respiración literaria no espazo da lusofonía, da galeguía. Somos parte dun dos ecosistemas literarios máis ricos que creou o ser humano.

Falaremos da necesaria percepción profesional do noso traballo. A literatura galega non é un froito de amadores, que tamén o somos por amamos o noso traballo.

E permitídemme, para finalizar demandando a necesaria visibilidade social do escritor, que diga que unha nación sen estado como a nosa está obrigada a respectar os seus escritores e escritoras; sen isto, o noso sistema literario non tería ningún futuro, a nosa nación non tería ningún futuro.

*Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Pontevedra, 26 de setembro de 2015*